

Luns, 9 de outubro de 2017

Núm. 194

Concello do Porriño

TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 09/10/17

Data final de exposición: 24/10/17

Porriño 9 de 10 de 2017

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORRIÑO, O

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA QUE TEN POR OBXECTO CONSTITUIR LISTA DE RESERVA DE FUNCIONARIOS INTERINOS SUBSTITUTOS DE FUNCIONARIOS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS NO SERVIZO DE URBANISMO.

ANUNCIO CONVOCATORIA

Obxecto: Esta convocatoria ten por obxecto constituír unha lista de reserva de funcionarios interinos substitutos de funcionarios que ocupen prazas da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, con dereito a reserva de posto de traballo, no servizo de urbanismo do Concello do Porriño, de conformidade co establecido no artigo 10.1.b) do Real decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23.1.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia (LEPG), e sempre que conorra algunha das causas seguintes:

- Baixas por Incapacidade Temporal.
- Permisos e/ou licencias.
- Vacacións.
- Situacións administrativas que procedan.

Sistema de selección: Concurso.

Prazo para a presentación de instancias: 10 días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello e dado o carácter urxente destas bases e os prazos previstos nas mesmas faise necesario que os/as interesados/as remitan mediante fax unha copia da instancia ao número 986/33.58.50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Bases de selección: Exporanse no Taboleiro de Edictos deste Concello e na páxina web www.porremplego.org.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Código seguro de verificación: YHXL1BCSSOVNLE2

